



ESCULTURAS
E
MONUMENTOS
PÚBLICOS
DA VILA

ESCULTURAS DE PONTEDEUME

www.pontedeume.gal



INDICE

Introdución	3
Percorrido.....	4
Esculturas ata s.XVII	6
Oso e xabaril.....	6
Cruceiro das Virtudes (s. XVII)	7
Escultura de San Agustín.....	8
Escultura de San Nicolás de Tolentino.....	9
Esculturas s. XX.....	10
Monolito Arcebispo Rajoy y Losada (1925)	10
Cruceiro das Angustias (1961)	11
Escultura de Alfonso X (1970)	13
Busto do Arcebispo Rajoy (1974).....	14
As obras de José Díaz Fuentes (1984).....	16
Mosaicos Rúa Inmaculada.....	16
Praza do Pan.....	17
Praza Real.....	18
Monumento a Rosalía de Castro (1985).....	19
Busto de Ulpiano Villanueva (1987)	20
Virxe do Carme (1988).....	21
Monumento aos piragüistas (1993).....	22
Esculturas s. XXI.....	24
Monolito do s. XX dos 750 anos de Pontedeume	24
APP de realidade aumentada:.....	25
Camiñando polo Pontedeume Medieval.....	25

INTRODUCCIÓN

Pontedeume, cidade real dende a súa fundación en 1270, conservou ao longo dos séculos un importante legado histórico, aínda hoxe presente nas súas rúas, prazas e xardíns. Patrimonio de vital importancia tanto para os seus habitantes como para o viaxeiro que chega buscando coñecer o seu pasado.

Unha herdanza que ten a súa orixe nun rei, *Afonso X*, e que continuou nunha das familias nobres máis importantes de *Galicia*: os *Andrade*. Un sentimento de orgullo e manifestación propia, un sentimento do “eumés” que perduraría ao longo de 750 anos, séculos materializados en pedra, que toman a forma dunha ponte, unha torre ou esculturas que, todavía hoxe, podemos admirar.

Por esta razón, decidiuse poñer en valor ese patrimonio escultórico a través dun itinerario cuxo eixo central son as esculturas e monumentos da vila, dando a coñecer a súa historia dende outra perspectiva, descubrindo ás personaxes que forman parte de devanditos monumentos e dos artistas, artesáns e escultores que o fixeron posible e que, grazas ao seu esforzo e bo facer, forman parte da historia de **Pontedeume**.

O itinerario proposto é o seguinte:

1. Busto Ulpiano Villanueva - **Xardíns de Lombardero**
2. Virxe do Carme - **Praia de Sopazos**
3. Monumento ao Piragüista - **Praza do Camiño Inglés**
4. Monumento a Rosalía de Castro - **Praza de Rosalía de Castro**
5. Mosaicos do oso e xabaril - **Rúa Inmaculada**
6. Praza do Pan
7. Busto do Arcebispo Rajoy - **Interior do Concello**
8. Mosaico do Escudo de Armas da Vila - **Praza Real**
9. Oso e xabaril - **Xardíns da Casa da Cultura**
10. Estatua Afonso X “O Sabio” - **Xardíns da Casa da Cultura**
11. Monolito 750 aniversario - **Xardíns da Casa da Cultura**
12. Monolito do Arcebispo Rajoy - **Alameda de Rajoy**
13. Cruceiro - **Igrexa das Virtudes**
14. Cruceiro das Angustias - **Praza das Angustias**
15. Escultura de San Nicolás - **Escaleiras Igr.^a de Santiago dende Rúa Real**
16. Escultura de San Agustín - **Adro Igrexa de Santiago**

ESULTURAS ATA O S.XVII

O S O E X A B A R I L



A representación do oso e o xabaril, esculpidos en granito, son anteriores á *Idade Media*, algúns autores sitúanos na época prerromana. *Fernán Pérez de Andrade*, primeiro **Señor de Pontedeume**, adoptounas como símbolos da *Casa Andrade* e as representará en todas as construcións do seu patrocinio, así coma no seu propio escudo, brasón que continúa a ser o escudo de armas de **Pontedeume**. Con elas querían representar poder, forza e propiedade sobre aqueles que moraban nas súas terras.

A caza era unha actividade de reis, nobres e persoas de alto rango que implicaba astucia e bravura para poder executarse; como consecuencia, aqueles que conseguían capturar ditos animais, eran considerados heroes.

Ambas pezas estaban situadas entre os arcos 2º e 3º (polo lado de **Pontedeume**) da antiga ponte gótica. Un dos animais conta cunha inscrición que nos confirma que a ponte foi realizado en seis anos e que probablemente foi rematado no ano 1380.

O seu emprazamento foi variando co paso do tempo, dende a ponte, á rotonda que da acceso á vila dende a N-651 e finalmente nos xardíns do *Antigo Convento dos Agostiños*.

C R U C E I R O D A S V I R T U D E S s. XVII

Cruceiro de tipo “de crucifixo” con plataforma octogonal de tres escaleiras e pedestal pentagonal. O varal é octogonal iniciado e rematado en cadrado. Non ten capitel e a súa cruz é rectangular con pedestal e remates con flores.

No anverso da cruz preséntase a *Cristo Crucificado* con tres cravos e as mans pechadas. Inclina a cabeza hacia a dereita, con coroa de espiñas e a cartela coas siglas INRI. O seu pano de pureza vai suxeito cunha corda.



Polo reverso da cruz aparece representada a *Virxe Gloriosa* coroada en actitude orante coas mans xuntas sobre unha peana dun anxo con ás. O cruceiro é todo de granito e atópase en bo estado de conservación pese a estar bastante erosionado.

A *Igrexa das Virtudes*, patroa de **Pontedeume**, foi fundada por *Nuno Freire de Andrade* no século XV, segundo reza nunha inscrición da parede norte, e reedificada no século XVII por *Andrés Copeiro y Parga*.

Dise que nesta igrexa obráronse moitos milagres pero nunca foron recoñecidos pola xerarquía eclesiástica. O seu adro servíu de cemiterio para os pobres.

ESCULTURA DE SAN AGUSTÍN

Non dispoñemos de moita información sobre esta escultura, pero grazas aos inventarios feitos no momento da exclaustación, sabemos que decorou orixinalmente a fachada da antiga *Igrexa do Convento dos Agostiños*, hoxe desaparecida. Antes da actual ubicación estiveron esta imaxe e a de *San Nicolás* a carón da fachada da capela do cemiterio.

Na actualidade, está situada nunha das esquinas do adro da *Igrexa de Santiago*, xunto aos restos da antiga muralla.



ESCULTURA DE SAN NICOLÁS DE TOLENTINO

Escultura pétreo do século XVI, atópase nas escaleiras que dan acceso á *Igrexa de Santiago* dende a *Rúa Real*, anteriormente e como xa se dixo, estaba situada no exterior da fachada da *Igrexa do Convento dos Agostiños*.

Á figura deste santo atribúeselle o milagre de protexer **Pontedeume** do último incendio que case arrasa a vila na primeira metade do século XVII (1621).

A lenda conta que unha vez que as lapas se estaban extendendo pola vila, os monxes agostiños, sacaron ao santo en procesión e lanzaron un amuleto seu ao lume, momento no que o incendio cesou. Non se sabe se milagre ou cambios de vento, pero dende entón nomeouse copatrón de **Pontedeume** a *San Nicolás* en agradecemento. A partires de entón, cada 10 de Setembro,

durante as festas patronais das “*Peras*”, sácase a *San Nicolás* en procesión arredor do adro da *Igrexa de Santiago* e bendícense os “boliños” de masa, que son entregados ás eumesas e eumeses para que os seus fogares queden protexidos até o ano seguinte.



ESULTURAS

S.XX

MONOLITO ARCEBISPO RAJOY Y LOSADA 1925

O 9 de Setembro de 1925, sendo alcalde da vila o señor *Constantino Amado Cagiao*, levantouse un monolito ao *Arcebispo Rajoy* (**Pontedeume**, 1696 - Santiago de Compostela, 1772), en forma de obelisco, como proba de gratitude polos beneficios que lle concedera ao seu **Pontedeume** natal.

As obras foron dirixidas polo mestre canteiro *Andrés Fonte Pena* e localízase na *Alameda de Rajoy*, que dende ese mesmo ano tamén leva o nome do Arcebispo.



CRUCEIRO DAS ANGIUSTIAS

1961

Cruceiro en pedra construído en 1961 na *praza das Angustias* cando se realizaron obras de pavimentado.

Dise que a praza leva ese nome porque antes había unha fornela na porta chamada da *Vila* onde se atopaba a antiga muralla coa *Virxe da Angustia*; as fornelas eran construcións empregadas como amuletos contra todos os males na época. Outra versión di que o nome da praza procede da angustia que tiveron que sufrir os carreteiros ao subir polo monte e dos constantes rúdos que producían as rodas dos carros de madeira, que molestaban aos veciños.

A inauguración do novo pavimento e do cruceiro tiveron lugar o 31 de xullo e o momento foi capturado polo fotógrafo *Tito Ríos*.

En canto á descrición do cruceiro: a plataforma consiste en catro estreitos escalóns de forma cuadrangular, salvando o desnivel da rúa, mentras que a peana é sinxela, de forma cúbica e coas súas caras lisas. A columna é de forma clásica, de sección cadrada-octogonal-cadrada con aristas rebaxadas en punta de frecha, mostrando tallado de frente e a media altura, o escudo heráldico da vila en relevo.

A obra leva un curioso capitel, feito dunha peza con cruz e de formas moi arcaicas, ao modo dalgúns antigos cruceiros; moi traballado, con volutas dobres e moi libres nas esquinas, así como cabezas peladas en mediorrelevo debaixo das imaxes da cruz.

A cruz é de sección octavada, cos seus extremos en flor de azucena dobrados cara o interior coma se fose unha áncora de catro brazos coas unllas voltas,



de formas parecidas a algunhas antigas cruces tardomedievais.

A cara frontal amosa a *Cristo* baixo unha sinxela umbela imperial ou doselete, ademais das figuras máis pequenas da *Virxe* e *San Xoán* talladas ao pé de ambos lados da cruz, en actitude resignada e moi pegada á madeira nunha clásica representación do *Calvario*. A imaxe de *Cristo* ten a cabeza caída á dereita, unha ampla melena e barba, as mans pechadas, un amplo perizoma anudado á dereita e os pés cravados por separado segundo a tradición da arte románica.



No reverso da cruz aparece unha bela composición triangular da *Piedade* coa *Virxe* de rostro ladeado, expresión serea de dor contida e sentada sobre unha peana mostrando ao seu *Fillo* de formas demacradas situado no seu regazo; inmediatamente debaixo da peana aparece a figura de *Santiago Apóstol* nunha clásica representación sedente e frontal.

ESCULTURA DE AFONSO X 1970

Escultura de *Alfonso X “O Sabio”* (fundador da vila de **Pontedeume** en 1270) realizada en pedra polo famoso escultor *Antonio Faílde* en 1970 e que con motivo do VII centenario da fundación da vila inaugura unha remodelada *Praza do Covento* encargada ao arquitecto coruñés *José Antonio Franco Taboada*.

Ten seis metros de altura e conta cunhas liñas claramente emparentadas coa escultura románica.



Como consecuencia da última remodelación deste espazo (1994), a imaxe foi trasladada ao *Xardín do Antigo Covento dos Agostiños*.

Quén foi Antonio Faílde?

Escultor ourensán do século XX (1907 - 1979), herdeiro da tradición escultórica de *Asorey*, comeza a súa andadura como canteiro e posteriormente formárase como escultor, centrándose nun estilo medieval e románico. A través da súa obra quixo plasmar o sentimento de ser galego, a cultura e o recoñecemento de *Galicia* como a súa terra natal.

Tivo a oportunidade de presentar as súas obras en exposicións de gran importancia en cidades como: *Vigo, Ourense, Bos Aires, Madrid, Barcelona, A Habana e Caracas*.

BUSTO DO ARCEBISPO RAJOY

1974

Busto do *Arcebispo Don Bartolomé Rajoy y Losada* esculpido en granito polo escultor *Guillermo Feal Otero*, para o *Círculo Filatélico de Pontedeume*.

A peza mándase tallar en 1974 para formar parte dunha exposición sobre a súa vida e na súa memoria. Finalmente, foi trasladado á *Cátedra da Latinidade*, lugar onde estudou o Arcebispo e actual *Biblioteca Municipal Poeta Ramiro Fonte*.

No presente, atópase dentro do edificio do **Concello de Pontedeume** na súa planta baixa.



Quén foi Don Bartolomé Rajoy y Losada (1690 - 1772)?

Bartolomé Rajoy y Losada nace en **Pontedeume**, onde todavía se atopa na *Rúa Real* a súa Casa - Pazo. Estudou gramática na *Cátedra da Latinidade* da vila. Máis tarde, foi nomeado *Rei Comisario Xeral da Cruzada* e finalmente, no 1751, tomou o cargo de *Arcebispo de Santiago de Compostela*.

As súas doazóns económicas e pastorales, fannos pensar en que era unha persoa preocupada pola protección e a educación da xente. Exemplo disto, atopámolo na súa vila natal onde patrocina a construción duns almacéns, hoxe en día as *Lonxas de Rajoy*, destinadas á salazón do peixe e para gardar os apeiros de pesca; devandito espazo era alugado polos mariñeiros, xeran-

do uns ingresos que eran destinados a pagar aos profesores das escolas de nenos e nenas que mandara edificar.

Pero non se preocupou só da educación, senon tamén do espírito relixioso, por iso patrocinou a reedificación da *Igrexa de Santiago* ou o *Convento dos Agostiños*.

Xa fóra de **Pontedeume**, e como *Arcebispo de Santiago* realiza outras obras como a remodelación do seu *Pazo Arzobispal* e o de *Lestrove*; reconstrue a fachada da *Acibecharía da Catedral de Santiago* e sufraga a construción da *Capela da Comunión* na mesma *Catedral*.

A isto, hai que engadirlle outros edificios vencellados coa caridade: un refuxo para mulleres arrependidas, chamado de *Galera*; o *Hospital de Crulidos* ou *Carretas* e proporcionou ao *Hospital de San Roque* novas habitacións con 30 camas.

Pero o seu logro estrela será o *Concello de Santiago de Compostela*, coñecido co nome de *Pazo de Rajoy*. Edificio situado na *Praza do Obradoiro*, fronte a *Catedral de Santiago*, que promoveu para acoller ao goberno da cidade, a seminaristas e confesores.

AS OBRAS DE JOSÉ DÍAZ FUENTES

1984

José Díaz Fuentes (1940 - 2010). Escultor oriúndo de *Sarria (Lugo)*, que grazas ao seu traballo como artista foi quen de captar o interese nas súas obras en *España* e obter o recoñecemento en países como: *Francia* (país onde residíu ata a súa morte), *Xapón*, *Estados Unidos* e *Luxemburgo*. Estudou na *Escola de Artes e Oficios de Santiago de Compostela*. Máis tarde realizou *Belas Artes* en *Madrid* e *Barcelona*, sendo este último lugar onde descubre a arte europea.

Forma parte da historia de **Pontedeume** por ser a persoa escollida para restaurar o espazo histórico – artístico, un proxecto que se iniciou en 1982 a petición do **Concello de Pontedeume** co fin de transformar a paisaxe urbana da vila. As obras finalizaron en 1984.

M O S A I C O S R Ú A I N M A C U L A D A

Un dos primeiros traballos que realizou foron os mosaicos da *Rúa da Inmaculada*, lugar por onde discorría a antiga muralla medieval, onde nos atopamos coas figuras de osos e xabarís no chan, animais que representaban á familia *Andrade* e que a día de hoxe seguen a ser símbolo da vila.

O material empregado é o granito gris, lousa, pedra calcárea branca e negra. Podemos diferenciar ao xabariño do oso polas orellas.



P R A Z A D O P A N

A *Praza do Pan* foi o seu segundo traballo. No centro da praza unha escultura en bronce cunha muller axeonllada suxeitando un pan nas súas mans, esculpida sobre un bloque de cemento de lousa, co motivo de homenaxear á artesanía.

Tamén se colocaron outros elementos, coma bancos de cemento branco cunha forma moi particular e no chan, mosaicos en granito gris.

Ata mediados do século XIX este espazo estaba ocupado por un alfóli, almacén onde se gardaba o grao dos cereais ou o sal.



P R A Z A R E A L

A última obra que realiza *Díaz Fuentes* foi levada a cabo na *Praza Real*, a máis importante da vila. Foi nela onde se decidiu colocar no chan, diante do edificio do *Concello*, un mosaico con elementos simbólicos da vila. Os materiais empregados foron: granito rosa e gris, lousa, pedra calcárea branca e negra.

Outros elementos que destacan na praza e na *Rúa Real* son as papeleiras de bronce en forma de cuncha e que aluden ao *Camiño de Santiago*, por devandita rúa discorre un dos tramos do *Camiño Inglés* en dirección a *Compostela*.



MONUMENTO A ROSALÍA DE CASTRO 1985

O 29 de Decembro de 1985 inaugurouse un monolito no *paseo do río Eume* para celebrar a memoria da *Rosalía de Castro* (1837-1885), novelista e poeta que acadou elevar o uso da lingua galega en *España*. Se nos fixamos ben, nunha das aristas do monolito, podemos ver a punta dunha pluma esculpida, facendo referencia ao instrumento que *Rosalía* empregaba para escribir a súa poesía.

O escultor escollido para facer esta obra foi *José Castiñeiras*.

Quén é José Castiñeiras?

Escultor compostelán, estudou co gran mestre *Francisco Asorey* na *Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo* na cidade de *Santiago de Compostela*.

Moi recoñecido polas súas obras realizadas para a cidade da *Coruña*, tales como: a escultura clásica de bronce na *Praza de María Pita*, representando a heroína contra os ingleses; a fonte dos surfistas no paseo marítimo ou a *fonte das Gaiotas* na *Praza de Portugal* da cidade herculina.



BUSTO DE ULPIANO VILLANUEVA 1987

Ulpiano Villanueva Castro (1900-1967) Médico de **Pontedeume**, foi considerado un gran benefactor polos seus veciños da vila e comarca.

Considerado unha persoa próxima, sempre reflectía o amor que sentía pola súa profesión de médico. Ata a súa morte, en *Santiago de Compostela*, puido combinar docencia na *Facultade de Medicina* coa publicación de numerosos estudos sobre bacterias e enfermidades infecciosas.

Foi galardoado co nomeamento de “*Fillo Ilustre da vila de Pontedeume*” e na súa memoria colocouse un busto de bronce



nos *Xardíns de Lombardero*, feito polo escultor *Eduardo Parrado Conde* o 24 de Setembro de 1987. Ademáis de contar cunha avenida que leva o seu nome na vila.

Quén foi Eduardo Parrado Conde?

Eduardo Parrado Conde (1921 - 2003) foi un escultor galego, nacido en *Santiago de Compostela*, que se fixo moi coñecido por ser discípulo do gran escultor *Francisco Asorey*, por quen sentiría un gran respecto e admiración. Seu primeiro cometido xunto ao profesor foi realizar algúns capiteis que están no *Centro Galego de Bos Aires* e un escudo. Traballarían xuntos durante dezaseis anos.

O material empregado nas súas obras era principalmente a pedra e en especial o granito, pero tamén realizou outras pezas en mármore, madeira e incluso fundíu algunhas pezas él mesmo en bronce.

Na súa vida persoal, foi un home humilde, de moita bondade e humanidade, ademáis de entrañable, espiritual, carismático, cun trato amable e bo sentido do humor.

VIRXE DO CARME 1988

Escultura en pedra sobre unhas rochas na *pena dos Soldados*, ao final do porto, na *praia de Sopazos*. Feita polo escultor galego, *Guillermo Feal Otero* (Fene, 1924 - 2003) a petición da *familia Suanzes* como regalo aos mariñeros da *ría de Ares*, xa que a *Virxe do Carme* é a súa patroa. Foi inaugurada en 1988.



Quén foi Guillermo Feal Otero (1924 - 2003)?

Escultor e empresario fenés que destacou por ser un gran artista a pesares de proceder dunha familia con poucos recursos económicos. Por iso dende pequeno tivo que traballar en distintos oficios. Pero a súa tenacidade, a súa capacidade de traballo e sobre todo, o seu extraordinario talento natural para o debuxo, abríronlle as portas á *Escola de Artes de Santiago de Compostela*, onde se formou xunto aos mellores profesores da época.

O traballo de *Guillermo Feal* non só se limitou a *Ferrol* e concellos próximos. A súa obra pode verse en lugares tan insólitos como, *Alaska* -onde está o seu monumento a *Félix Rodríguez de la Fuente*- ou o *Pazo de Congresos de Kuwait*. Así como outros traballos en *Inglaterra*, *Estados Unidos*, *Arxentina*, etc.

O alcance do seu traballo levouno a obter a *Insignia de Ouro de Ferrol* e unha praza pública co seu nome na *Cidade Departamental*. Na súa terra natal déuselle nome ao parque da *Asociación de Veciños de San Jorge de Magalofes*, e a “*Fabe de Ouro*” da comunidade asturiana instalada en *Ferrol*. En 1989 obtuvo o *Toxo de Ouro do Real Coro Toxos e Froles de Ferrol*.

MONUMENTO A OS PIRAGÜISTAS

1993

Monumento escultórico de estilo surrealista, construído en bronce e pedra polo escultor *Leonardo Recouso “Xoxardo”*, adicado a todos os piragüistas da vila que pertencían ao *Firrete Clube*, onde se realizaron as probas de piragüismo máis antigas da *Coruña*.

Nos anos 80, conseguiron ser o segundo mellor clube de *Galicia* e nos anos 90 lograron entrar na clasificación dos dez mellores de *España*. Nestes anos obtiveron dúas medallas de ouro e gañaron o campionato de *España* en pista nas categorías Junior – Cadete en 1993, engadindo posteriormente outros dous campionatos nacionais.



Ese mesmo ano, inaugúrase a escultura, situada ao inicio da *Ponte de Pedra*, que dá acceso a **Pontedeume**.

Na actualidade, o *Firrete Clube* imparte cursos de iniciación ao piragüismo e realiza actividades turísticas.

Quen foi Leonardo Recouso “Xoxardo” ?

Foi un escultor e pintor da segunda metade do século XX, de *Ordes* (A *Coruña*, 1950 - **Pontedeume**, 1998). Ingresou moi novo na *Escola de Artes e Oficios de A Coruña*. Estuda pintura e as súas primeiras pegadas artísticas foron encamiñadas ao mundo da pintura, moi novo viaxa a *Barcelona* donde contacta, co mundo artístico catalán, e será despois desta viaxe cando a súa pintura se vexa influenciada polo surrealismo. No ano 1974 viaxa a *Madrid* onde contempla e estuda en directo a obra dos grandes pintores universais. En 1976, xa de novo en *Galicia* monta o seu estudo na *Coruña*, en 1980 casa con *María José Varela Brage* e instálase en *Esteiro* (**Pontedeume**) donde terá o seu taller ata súa morte.

A partir do ano 1991 desenvolve a súa faceta como escultor.

ESCULTURAS

S. XXI

MONOLITO DA CONMEMORACIÓN DOS 750 ANOS DA FUNDACIÓN DE PONTEDEUME.

O 30 de Decembro de 2020 celebráronse os 750 anos da fundación de **Pontedeume**, cun acto conmemorativo na *Casa da Cultura*, antigo *Convento dos Agostiños*; onde se desenvolveu a exposición “750 anos *construíndo a historia de Pontedeume*” cuxo eixo temático foi a propia historia da vila a través de paneis explicativos e documentos orixinais. O *Concello* inaugurou ese mesmo día nos xardíns do convento, un monolito cunha placa conmemorativa onde pode lerse un fragmento do texto dos privilexios outorgados fai 750 anos. Así mesmo, se fixo entrega de medallas conmemorativas aos representantes de asociacións culturais e entidades municipais relacionadas coa preservación da historia do pobo dos *Andrade*.

A exposición tivo como obxectivo difundir a importancia da historia e o patrimonio de **Pontedeume** dun xeito didáctico e ameno.

Vídeo sobre a exposición dos *750 anos de Pontedeume*:




APP DE REALIDADE AUMENTADA:

CAMIÑANDO POLO PONTEDEUME MEDIEVAL

É importante mencionar que agora **Pontedeume** dispón dunha APP de realidade aumentada para poder realizar unha visita guiada ao **Pontedeume** medieval, vendo os edificios máis significativos da vila no seu estado orixinal. Todo isto está contado pola primeira peregrina rexistrada que fixo o *Camiño Inglés: Margery Kempt*.

DESCARGA A APP:



750
1270 - 2020

 *Ponte deume*